

003441 02.05.2017 10:31

INSTRUCCIÓN Nº 1/2017, DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE A DISPENSA DA ASISTENCIA A CLASE EN DETERMINADAS CIRCUNSTANCIAS

A estrutura dos estudos oficiais en créditos ECTS determina un sistema didáctico baseado na aprendizaxe acreditada que supón un cambio nos procedementos de avaliación, entre eles a carga de traballo do estudante, a avaliación continua, a súa participación na aula e a propia asistencia a clase.

O estudantado, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da Universidade, ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Pero, consonte o seu artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”.

No seu desenvolvemento, promulgouse a *Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES* (2010), na que se establece a posible incidencia da asistencia a clase nos sistemas de avaliación a través das guías docentes das materias; así como a forma de xustificar as faltas concretas e ocasionais, e os seus efectos.

A maior abastanza, cada ano na correspondente resolución reitoral que contén a convocatoria de matrícula se introduce o réxime da matrícula a tempo parcial, que constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes ámbitos da vida das/os estudantes.

Sen embargo, ate o de agora, non existía ningún procedemento sobre a dispensa de asistencia a clase. O artigo 130.3 dos Estatutos unicamente aclaraba que tal dispensa debería caracterizarse por ser “singular para casos específicos”, e xerar un “sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral”. Por iso, o Valedor da Comunidade Universitaria invitounos a estudar os problemas e a dar solucións sobre os diferentes ámbitos da vida das/os estudantes se a matrícula a tempo parcial non resolve as súas necesidades.

Ao tempo, non debe pasar desapercibido a non asistencia as aulas das persoas acosadas (acoso sexual, acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero) que, sendo vítimas, evitan deste xeito continuar compartindo un ambiente de traballo degradante. A política activa contra o acoso de todo tipo e natureza por parte da nosa Universidade fai aconsellable que se establezan medidas cautelares para evitar a relación entre vítimas e acosadores sempre que as primeiras consideren beneficioso para elas mesmas ditas medidas.

En consecuencia, parece conveniente a emisión dunha instrución que desenvolva un procedemento sobre dispensa en tanto non se modifique ou elabore unha nova normativa de asistencia a clase.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral resolve ditar a seguinte INSTRUCCIÓN:

1.- VALORACION DA ASISTENCIA A CLASE

As guías docentes de cada materia e para cada curso académico deben contemplar de xeito explícito os criterios de avaliación das materias e, en particular, a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Estes criterios deben ser públicos antes do inicio do curso e coherentes cos obxectivos, contidos e metodoloxía da materia.

O incumprimento do criterio de publicidade antes do inicio do período lectivo determinará a inaplicación deste factor na avaliación.

2.- DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

De conformidade cos Estatutos da Universidade, o alumnado poderá solicitar, ao principio de curso nas datas establecidas por cada Centro ou, posteriormente, de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, a dispensa de asistencia á clase, mediante solicitude motivada e acreditada formulada ao Decano ou ao Director de Escola segundo o disposto nesta Instrución.

Son causas para a solicitude de dispensa:

- a) A enfermidade grave ou os tratamentos médicos inaprazables que impidan a presenza no centro do alumnado.
- b) O coidado de dependentes a cargo ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, debidamente acreditada.
- c) A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada (e dicir: alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar, copia do recibo de pago da última cotización), sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial.
- d) A persoa que presentou unha denuncia por acoso, ou por outros comportamentos semellantes, sempre que ela considere máis adecuado para a súa saúde a dispensa.

No caso de denuncia por acoso sexual, se coa denuncia fora incoado o procedemento do *Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Sexual e o Acoso por Razón de Sexo, Orientación Sexual e Identidade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela*, a Dirección do

Centro deberá poñer en coñecemento da Oficina de Igualdade de Xénero a solicitude de dispensa en pro dunha mellor coordinación administrativa. A Oficina de Igualdade de Xénero actuará conforme dito Protocolo, o que lle comunicará a Dirección do Centro.

A Xunta do Centro ou órgano no que delegue poderá conceder ou denegar esta dispensa de forma motivada.

A efectos de concesión da dispensa, o Centro deberá ter en conta os seguintes criterios:

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos
- Contemplan a natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico.
- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos a asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables.

Nestes casos, a resolución de concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.

3.- CAMBIO DE DEDICACIÓN

No caso de non ser aceptada a dispensa, o alumnado, unha vez coñecida a resolución, poderá optar por formular unha solicitude de cambio a dedicación parcial nos seus estudos.

A solicitude presentárase perante o Servizo de Xestión Académica que terá en conta os límites fixados respecto ao número máximo de alumnado a tempo parcial na titulación.

4.- CAMBIO DE GRUPO

O alumnado que se atope nunha das causas para a solicitude de dispensa poderá solicitar simultaneamente o cambio de grupo. Só no caso de non obter a dispensa, valorárase a solicitude de cambio de grupo. Terán preferencia para o cambio de grupo o alumnado que teña obrigas familiares e persoais tales como a condición de coidadores de persoas dependentes.

5.- ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

O alumnado con necesidades educativas especiais poderá optar por solicitar unha planificación e seguimento da súa actividade académica que estea adaptada a súas necesidades ou solicitar a dispensa a clase e establecer a adaptación para o sistema de avaliación. A xunta do Centro ou órgano no que delegue aprobará a planificación que considere axeitada e a comunicará a todos os Departamentos afectados.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017.

A Secretaria Xeral



Consuelo Ferreiro Regueiro